*Resolución da Xefatura Territorial da Consellería do Mar na Coruña pola que se actualiza a lista aberta para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas no plan de xestión do recurso específico PERCEBE, modalidade dende embarcación, da confraría de pescadores de Aguiño*

*Antecedentes*

1. A Orde de 20 de decembro de 2018 aproba os plans de xestión para recursos específicos en Galicia para o ano 2019 (DOG Núm. 246, de 27.12.2018). Pola disposición transitoria segunda do Decreto 153/2019, do 21 de novembro, polo que se regula o réxime de conservación e explotación dos recursos marisqueiros e das algas, os plans de xestión de recursos específicos prorróganse ata o 31.12.2021

2. O 08.06.2021 esta xefatura territorial ditou a Resolución pola que se abriu o prazo de presentación de solicitudes para a elaboración de listas para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas no plan de xestión.

3. O 18.06.2021 esta xefatura territorial ditou a Resolución que abriu o prazo de presentación de solicitudes para a renovación de modalidades de recursos específicos: percebe, equinodermos, solénidos, algas, peneira, anemones e poliquetos, no permiso de explotación de embarcacións no ámbito das confrarías de pescadores da provincia da Coruña para o trienio 2022-2024.

4. A elaboración da lista indicada no punto 2 anterior rematou o 09.11.2021 mediante a Resolución desta xefatura territorial pola que se fixo pública a Lista aberta para o incremento de cotas de capturas para as embarcacións incluídas no plan de xestión do recurso específico percebe, modalidade dende embarcación, da Confraría de pescadores de Aguiño.

5. O 09.11.2021 e o 01.12.2021 esta xefatura territorial ditou dúas Resolucións polas que se ofertaban 22 cotas ás embarcacións integrantes da lista das que se aceptaron 15.

Asinado por: CANCELO BAQUERO, MARIA JOSE
Cargo: Xefa Territorial da Coruña da Consellería do Mar
Data e hora: 24/05/2023 14:09:15

CVE: BvMumAd09Ut1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

6. A Orde do 22 de decembro de 2021 aprobou os plans de xestión para recursos específicos e algas en Galicia para o trienio 2022-2024. (DOG Núm. 251, de 31.12.2021).

De conformidade co expediente de aprobación do plan de xestión para o recurso específico percebe (PE410A 2021/21-1), modalidade dende embarcación, da Confraría de pescadores de Aguiño (en adiante a entidade) estableceuse un máximo de 93 embarcacións e 202 tripulantes con dereito a cota para o trienio 2022-2024. Actualmente o número de embarcacións con percebe no permiso de explotación autorizadas para participar no plan é de 93 embarcacións e 192 habilitacións.

7. O 30.06.2022 esta xefatura territorial ditou a Resolución pola que se inscribía a embarcación MÍRAME VILL-1 2521 e publicábase a súa puntuación provisional na lista aberta.

8. O 19.10.2022 a Cofradía de pescadores de Carreira Aguiño solicita a inclusión na lista aberta para o incremento de cotas de 7 embarcacións (PEONIÑA VILL-1 3813, J.O. VILL-1 4505, ITA VILL-1 4342, OS GOMEZ VILL-1 5-05, J. XUNQUEIRA VILL-1 4614, PARRULA VILL-1 4338, ATENEA VILL-1 4744) actuando en representación das persoas armadoras.

9. O 17.03.2023 esta xefatura territorial ditou a Resolución pola que se admitiu a inscrición das 7 embarcacións indicadas no punto anterior, a súa puntuación provisional e a actualización da puntuación das embarcacións CUARTA AGUILA VILL-1 4494, NOMAR VI-5 9950, SIEIRA VILL-1 3354, FLORA VILL-2 4875, EROS VILL-1 4789, NATALY VILL-1 4791 E MILIN VILL-1 4193 trala actualización do apartado C.1 – Embarcación cunha soa cota de captura

Na dita Resolución outorgábaselles ás persoas interesadas un prazo de 15 días para alegar contra as puntuacións provisionais e transcorrido o dito prazo non se recibiu ningunha alegación.

10. O 18.04.2023 o armador da embarcación COUSO VILL-1-3576 presenta unha solicitude de inclusión na lista aberta para o incremento do número de cotas de captura do plan de xestión polo que o 25.04.2023 esta xefatura territorial ditou a Resolución pola que se admitiu a inscrición da dita embarcación e publicouse a súa puntuación provisional.

Na dita Resolución outorgábaselles ás persoas interesadas un prazo de 15 días para alegar contra as puntuacións provisionais e transcorrido o dito prazo non se recibiu ningunha alegación.

*Consideracións legais e técnicas*

1. A Orde do 30 de decembro de 2015 pola que se regula a explotación dos recursos específicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, establece nos artigos 39 a 46 o procedemento para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas nun plan de xestión. No seu artigo 39 establece un sistema

Asinado por: CANCELO BAQUERO, MARIA JOSE
Cargo: Xefa Territorial da Coruña da Consellería do Mar
Data e hora: 24/05/2023 14:09:15

CVE: BvMumAd09Ut1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

de lista aberta para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas nun plan de xestión na que a orde de prelación das embarcacións virá determinado pola puntuación obtida trala aplicación do baremo previsto no artigo 43.1.

2. No punto 4 do artigo 39 da Orde do 30 de decembro de 2015, establécese que as listas estarán abertas permanentemente para que as persoas armadoras de embarcacións interesadas incluídas no plan de xestión poidan solicitar a inscrición.

3. As embarcacións admitidas están incluídas no plan de xestión de percebe da confraría de pescadores de Aguiño e cumpren os requisitos establecidos para participar no sistema de listas para o incremento do número de cotas de captura do recurso específico percebe (artigos 41 e 42 da Orde do 30 de decembro de 2015).

4. As solicitudes presentadas valoráronse de acordo co establecido no anexo I (epígrafes A e C) da Resolución do 4 de maio de 2016, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, modificada pola Resolución do 18 de maio de 2020.

5. O apartado C.1 do Anexo I da Resolución do 4 de maio de 2016, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, modificada pola Resolución do 18 de maio de 2020 establece que ás embarcacións que só teñen unha cota de captura no plan de xestión asignaráselles 5 puntos na lista para o incremento de cotas de captura para as embarcacións incluídas nun plan de xestión de recursos específicos.

6. Rematado o proceso de renovación de modalidades de recursos específicos convocado pola Resolución do 18.06.2021, a embarcación CUARTA AGUILA VILL-1 4494 pasou a dispor dunha soa cota da modalidade de recurso específico percebe e así quedou reflectido no novo Permiso de explotación, polo que cómpre asignarlle os puntos correspondentes ao apartado C.1 do baremo e actualizar a súa puntuación na lista.

7. Unha vez comunicado o emprego da lista mediante resolucións desta xefatura territorial do 09.11.2021 e 01.12.2021 para ofertar cotas vacantes existentes no plan de xestión ás embarcacións de acordo coa orde de prelación, e a posterior adxudicación coa expedición dos novos permisos de explotación onde quedou reflectido o novo número de cotas da modalidade, existen seis (6) embarcacións (NOMAR VI-5 9950, SIEIRA VILL-1 3354, FLORA VILL-2 4875, EROS VILL-1 4789, NATALY VILL-1 4791 E MILIN VILL-1 4193) ás que se lle asignaron os puntos correspondentes ao apartado C.1 do baremo que xa non contan con ese mérito para as que cómpre actualizar a súa puntuación na lista.

8. De acordo co artigo 45 da Orde do 30 de decembro de 2015, as persoas armadoras de embarcacións xa inscritas nas listas poderán actualizar os méritos, o que levará á correspondente modificación da puntuación, de ser o caso.

As solicitudes de actualización polas persoas armadoras das embarcacións realizaranse no mes de xaneiro segundo o modelo que figura como anexo VI da Orde do 30 de decembro de 2015, achegando a esta a documentación que acredite

Asinado por: CANCELO BAQUERO, MARIA JOSE
Cargo: Xefa Territorial da Coruña da Consellería do Mar
Data e hora: 24/05/2023 14:09:15

CVE: BvMumAd09Ut1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

os méritos establecidos no baremo que desexen actualizar.

A actualización dos méritos será efectuada anualmente pola xefatura territorial no primeiro cuadrimestre de cada ano.

9. No caso de que se efectúe a transmisión do permiso de explotación dunha embarcación inscrita na lista, a embarcación causará baixa nesta. Para a súa inclusión, a nova persoa armadora deberá presentar unha nova solicitude de inscrición na lista ao obxecto de actualizar os méritos para a nova persoa armadora no momento en que se autorice a transmisión do permiso de explotación.

10. Esta xefatura territorial é o órgano competente para a elaboración e o control das listas, así como para a súa actualización e para comunicar o seu emprego de conformidade co establecido na sección 4ª do capítulo III e o artigo 52 da Orde do 30 de decembro de 2015, pola que se regula a explotación dos recursos específicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

De acordo con todo o anterior, esta xefatura territorial

RESOLVE:

1. Actualizar a lista aberta coas puntuacións obtidas por cada unha das embarcacións admitidas para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas no plan de xestión para o recurso específico Percebe, modalidade dende embarcación, da confraría de pescadores de Aguiño (anexo I).

Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso de alzada no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da súa publicación no taboleiro de anuncios da xefaturas territorial e na páxina web http://www.mar.xunta.gal, ante a persoa titular da Consellería do Mar, de conformidade co establecido nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

A presente resolución publicarase no taboleiro de anuncios da xefatura territorial de A Coruña e na páxina web http://www.mar.xunta.gal. A resolución tamén se exporá, con carácter informativo, no taboleiro da Xefatura Comarcal de Ribeira e no da confraría de pescadores de Aguiño.

Esta resolución notifícaselle á confraría de pescadores de Aguiño consonte ao artigo 40 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro.

A xefa territorial
Mª José Cancelo Baquero
(sinatura electrónica)

Asinado por: CANCELO BAQUERO, MARIA JOSE
Cargo: Xefa Territorial da Coruña da Consellería do Mar
Data e hora: 24/05/2023 14:09:15

CVE: BvMumAd09Ut1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

## ANEXO I:
## Lista aberta para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas no plan de xestión de Percebe da Confraría de pescadores de Aguiño

| Confraría | Embarcación | Matrícula | Folio | Embarcación cunha soa cota de captura C.1 | Experiencia profesional persoa armadora C.2 | Habitualidade da actividade pesqueira C.3 | Total |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Aguiño | MADRE MIA | VILL-2 | 4245 | 5 | 4 | 2 | **11** |
| Aguiño | PEONIÑA | VILL-1 | 3813 | 5 | 4 | 2 | **11** |
| Aguiño | CUARTA AGUILA | VILL-1 | 4494 | 5 | 4 | 1 | **10** |
| Aguiño | J.O. | VILL-1 | 4505 | 5 | 4 | 0 | **9** |
| Aguiño | ANABEL | VILL-1 | 4307 | 0 | 4 | 3 | **7** |
| Aguiño | HALY | VILL-1 | 5-95 | 0 | 4 | 3 | **7** |
| Aguiño | NOMAR | VI-5 | 9950 | 0 | 4 | 3 | **7** |
| Aguiño | ITA | VILL-1 | 4342 | 0 | 4 | 2 | **6** |
| Aguiño | MARIA DEL CARMEN | VILL-1 | 2547 | 0 | 4 | 2 | **6** |
| Aguiño | OS GOMEZ | VILL-1 | 5-05 | 0 | 4 | 2 | **6** |
| Aguiño | TONS | VILL-1 | 3-09 | 0 | 2,8 | 3 | **5,8** |
| Aguiño | FRANKADA-B | VILL-1 | 4-19 | 0 | 3,4 | 2 | **5,4** |
| Aguiño | MARI | VILL-1 | 3543 | 0 | 4 | 1 | **5** |
| Aguiño | MIRAME | VILL-1 | 2521 | 5 | 0 | 0 | **5** |
| Aguiño | COUSO | VILL-1 | 13576 | 0 | 3,8 | 1 | **4,8** |
| Aguiño | SIEIRA | VILL-1 | 3354 | 0 | 3,6 | 1 | **4,6** |
| Aguiño | J. XUNQUEIRA | VILL-1 | 4614 | 0 | 1,8 | 2 | **3,8** |
| Aguiño | FLORA | VILL-2 | 4875 | 0 | 1,6 | 2 | **3,6** |
| Aguiño | IREMOS | VILL-1 | 2885 | 0 | 1,4 | 1 | **2,4** |
| Aguiño | PARRULA | VILL-1 | 4338 | 0 | 0,4 | 2 | **2,4** |
| Aguiño | EROS | VILL-1 | 4789 | 0 | 0,6 | 1 | **1,6** |
| Aguiño | NATALY | VILL-1 | 4791 | 0 | 1,2 | 0 | **1,2** |
| Aguiño | AHORA UNO | VILL-1 | 12-05 | 0 | 0 | 1 | **1** |
| Aguiño | ATENEA | VILL-1 | 4744 | 0 | 0 | 1 | **1** |
| Aguiño | LA VERDAD | VILL-1 | 1268 | 0 | 0 | 1 | **1** |
| Aguiño | MILIN | VILL-1 | 4193 | 0 | 0 | 1 | **1** |
| Aguiño | SOL MARY | VILL-1 | 4143 | 0 | 0 | 1 | **1** |
| Aguiño | TORR | VILL-1 | 8-04 | 0 | 0 | 0 | **0** |

**Asinado por:** CANCELO BAQUERO, MARIA JOSE
**Cargo:** Xefa Territorial da Coruña da Consellería do Mar
**Data e hora:** 24/05/2023 14:09:15

CVE: BvMumAd09Ut1
**Verificación:** https://sede.xunta.gal/cve

Asinado por: CANCELO BAQUERO, MARIA JOSE
Cargo: Xefa Territorial da Coruña da Consellería do Mar
Data e hora: 24/05/2023 14:09:15

Os epígrafes de cada columna son: (de acordo co apartado C do anexo I da Resolución do 4 de maio de 2016, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, pola que se aproba o baremo para acceder ás modalidades de recursos específicos no permiso de explotación das embarcacións, así como para elaborar as listas e actualizar os méritos para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas nun plan de xestión de recursos específicos, modificada pola Resolución do 18 de maio de 2020, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro)

- **TOTAL:** puntos acadados en total.

- **C.1: Embarcacións que só teñen unha cota de captura no plan de xestión: 5 puntos.**

- **C.2: Experiencia profesional no sector da persoa armadora da embarcación.**
  Terase en conta que a persoa armadora estivese enrolada como percebeira (con acreditación) en embarcacións que contan coa modalidade nos 2 anos anteriores á data da convocatoria: 0,2 puntos/mes completo. Para as embarcacións que solicitan a inscrición na lista, unha vez confeccionada, entenderase nos 2 anos anteriores á data da entrada da súa solicitude no Rexistro electrónico da Xunta de Galicia.
  **A puntuación máxima total que se poderá obter nesta epígrafe será de 4 puntos.**

- **C.3: Habitualidade da actividade pesqueira.**

- Se a embarcación acredita ter realizado actividade extractiva entre 15-35 % dos días que foron efectivamente autorizados para a extracción dentro do plan de xestión do ano natural inmediatamente anterior: 1 punto.
- Se a embarcación acredita ter realizado actividade extractiva entre 35,01-60 % dos días que foron efectivamente autorizados para a extracción dentro do plan de xestión do ano natural inmediatamente anterior: 2 puntos.
- Se a embarcación acredita ter realizado actividade extractiva superior a un 60,01 % dos días que foron efectivamente autorizados para a extracción dentro do plan de xestión do ano natural inmediatamente anterior: 3 puntos,

Para as embarcacións que solicitan a inscrición na lista, unha vez confeccionada, entenderase o ano natural inmediatamente anterior á data da entrada da súa solicitude no Rexistro electrónico da Xunta de Galicia.
**A puntuación máxima total que se poderá obter nesta epígrafe será de 3 puntos.**

CVE: BvMumAd09Ut1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve